

XORNADA SOBRE COLEXIOS PROFESIONAIS E XORNALISTAS

(EGAP, Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2000)

Enrique Diego Fernández Pérez

Bolseiro da EGAP

A Xornada sobre colexios profesionais e xornalistas, que tivo lugar na sede da Escola Galega de Administración Pública o 17 de febreiro de 2000 principiou coa benvinda de Domingo Bello Janeiro, director da EGAP, ós relatores e asistentes, para a continuación destaca-la grande importancia da Lei 2/1999 do 24 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. Procedeu á apertura oficial da xornada Jesús Parga López, secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos, que destacou os grandes horizontes que abre a Lei 2/1999, sempre que se parta da base do alto grao de responsabilidade que implica o exercicio do xornalismo.

O primeiro relator foi Germán Fernández Farreres, catedrático de dereito administrativo na Universidade Complutense de Madrid, que falou da distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de colexios profesionais. Destacou en primeiro lugar que a Constitución española de 1978 menciona os colexios profesionais nunha única ocasión, concretamente no artigo 36, ó dispoñer que «a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais e o exercicio das profesións tituladas. Faise, pois, só unha reserva de lei para engadir de seguido que a estrutura interna e o funcio-

namento dos colexios deberá ser democrático. A materia «colexios profesionais» presenta a singularidade, desde a perspectiva do sistema de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, de non aparecer nas listas de competencias dos artigos 148.1 e 149.1 da Constitución española. Polo tanto, en principio, o Estado non ten reservada constitucionalmente competencia ningunha respecto ós colexios profesionais, de xeito que sen prexuízo da incidencia que no réxime xurídico destes poidan ter outros títulos competenciais, as competencias quedaron á dispoñibilidade dos estatutos de autonomía, podendo estes atribuílas integramente ás comunidades autónomas (polo principio dispositivo do artigo 149.3 da Constitución). Só no caso de que os ditos estatutos non procedan a esa atribución, as ditas competencias quedarán no ámbito estatal, de forma continxente polo xogo da cláusula residual que sanciona o mesmo artigo 149.3.

É certo que ó longo da fase inicial do proceso de constitución e asentamento das comunidades autónomas, as limitadas transitoriamente pola listaxe de competencias do artigo 148.1 da Constitución española non puideron asumir de xeito efectivo ningunha competencia relativa á ordenación e ó réxime xurídico dos colexios profesionais, razón pola que quedaron retidas polo Estado. Pola contra as comunidades autónomas constringidas unicamente polas competencias constitucionalmente reservadas ó Estado puideron asumir estas competencias coa máxima amplitude. Así o fixeron, coa significativa e sorprendente excepción do Estatuto de autonomía de Galicia. Mentres que os estatutos de autonomía do País Vasco, Cataluña e Andalucía atribuíron a competencia exclusiva das respectivas comunidades autónomas en materia de «colexios profesionais e exercicio das profesións tituladas», sen prexuízo do disposto nos artigos 36 e 139 da Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia gardou silencio absoluto ó respecto. O noso Estatuto refírese unicamente á competencia exclusiva en materia de «confrarías de pescadores, cámaras da propiedade agraria, de comercio, industria e navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do disposto no artigo 149 da Constitución», o que determina que a Comunidade Autónoma non asumira competencia ningunha en materia de colexios profesionais; un dato que se confirma á luz da Lei 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia á Comunidade Autónoma galega da competencia de «desenvolvemento lexislativo e execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, no marco da lexislación básica do Estado¹, co que queda cuberta unha clamorosa lagoa. Respecto á Comunidade foral de Navarra na Lei orgánica

¹ Artigo 3 da Lei 16/1995, do 27 de decembro.

de reintegración e mellora do foro de Navarra establécese que a Comunidade foral posúe competencia exclusiva sobre «colexios profesionais e exercicio das profesións tituladas conforme a lexislación xeral»². O resto das comunidades autónomas, coa excepción das Canarias e de Valencia, que, en virtude das correspondentes transferencias ó abeiro do artigo 150.2 da Constitución, puideron exercer as competencias dende o primeiro momento, tralo período transitorio que previu o artigo 148.2 da Constitución, procederon ás reformas dos seus estatutos, asumindo tamén, coma propias, competencias en materia de colexios profesionais.

Estas reformas estatutarias estiveron precedidas, non obstante, da transferencia da competencia a esas comunidades sobre o «desenvolvemento lexislativo e a execución na materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, no marco da lexislación básica do Estado e, se é o caso, nos termos que esta estableza»³. É fundamental determinar de onde saíu esta competencia do Estado, pois ben, segundo a doutrina xurisprudencial perfectamente asentada do Tribunal Constitucional, sae do artigo 149.1.18 da Constitución española ó lle reservar ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas. Preséntase unha situación na que a Constitución non lle reserva ó Estado ningunha competencia especificamente referida á materia, pero o Tribunal Constitucional considera que os colexios profesionais non deixan de asimilarse, sequera sexa parcialmente, ás administracións públicas, sobre estes incide a competencia estatal para fixar «as bases do réxime xurídico das administracións públicas»⁴. Así, segundo a reiterada doutrina do Tribunal Constitucional⁵, os colexios profesionais son corporacións de natureza mixta que, aínda cando non constitúen propiamente administracións públicas, posúen unha personalidade xurídico-pública que está acompañada do exercicio de funcións de carácter público atribuídas pola lei ou delegadas pola Administración. Por iso, conclúese que a competencia resultante do artigo 149.1.18^o permítelle ó Estado incidir transversalmente na regulación das ditas corporacións. O que inicialmente puido parecer susceptible de cualificarse como competencia exclusiva das comunidades autónomas demostrouse que non o era, como puntualizou o Tribunal Constitucional na Sentencia 20/1988, do 18 de febreiro⁶. Por isto, clarificado xa o alcance das competencias autonómicas, tanto a Lei

² Artigo 44.26 da LORAFNA.

³ Artigo 3.a) da Lei orgánica 9/1992, do 23 de decembro.

⁴ Artigo 149.1.18^o da Constitución española.

⁵ Véxase Sentencia do Tribunal Constitucional 20/1988, do 18 de febreiro.

⁶ Véxase o Fundamento xurídico terceiro.

orgánica 9/1992, do 23 de decembro, de transferencia de competencias, coma as reformas estatutarias, cinguíronlle-las competencias autonómicas ó desenvolvemento lexislativo e á execución no marco da lexislación básica do Estado. Debe engadirse que ademais o Estado pode incidir na ordenación e no réxime xurídico dos colexios profesionais xa que constitúen unha forma organizativa típica de determinadas profesións tituladas, e a competencia do Estado para regula-las condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais⁷, vincúlase directamente á existencia mesma das chamadas profesións tituladas⁸. En definitiva o Estado ademais da súa competencia para regula-los aspectos funcionais e organizativos básicos dos colexios profesionais, está facultado para regular aqueloutros aspectos que caracterizan xuridicamente as profesións tituladas, tales como a determinación das actividades que se comprenden nestas, as obrigacións e os dereitos dos profesionais ou para decidir sobre o seu carácter colexiado ou non. Débese engadir que en función do contido que se lle pretenda dar á regulación das peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais e do exercicio das profesións tituladas, outros títulos competenciais reservados ó Estado poden entrar en xogo. En particular, a competencia estatal sobre «lexislación de defensa da competencia»⁹, ou a relativa á ordenación da actividade económica no sector concreto dos servizos profesionais¹⁰, son títulos suficientes para lexitimar determinadas medidas estatais; tamén a competencia para fixa-las condicións básicas do exercicio dos dereitos e deberes constitucionais dos cidadáns¹¹, sèrvelle ó Estado como título lexitimador para proceder á reforma da Lei 2/1974, do 13 de febreiro de 1974, de colexios profesionais mediante a Lei 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e colexios profesionais. É preciso facer unha puntualización a propósito das previsións estatutarias que, ó atribuír-las ás correspondentes comunidades autónomas a competencia exclusiva sobre colexios profesionais e exercicio das profesións tituladas, expresamente deixan a salvo o disposto no artigo 139 da Constitución; unha expresa excepción que obriga a lembrar que as liberdades de circulación e de establecemento afectan por igual a tódalas autoridades e poderes públicos. A regra competencial que resulta da Constitución e dos estatutos de autonomía, debe dar paso

⁷ Artigo 149.1.30º da Constitución española.

⁸ Sentencia do Tribunal Constitucional 122/1989, do 6 de xullo, Fundamento xurídico terceiro.

⁹ Véxase artigo 38 da Constitución española e Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.

¹⁰ Véxase artigo 149.1.13º da Constitución española.

¹¹ Véxase artigo 149.1.1º da Constitución española.

á determinación subseguinte do alcance dunhas e doutras competencias á luz dos diversos aspectos que compoñen o réxime xurídico dos colexios profesionais. Unha determinación, nembargantes, que, atendendo ó actual marco normativo regulador dos colexios profesionais, resulta verdadeiramente complexa. Esta complexidade débese a dúas causas que é preciso destacar debidamente. En primeiro termo, á propia indefinición constitucional dos perfís que caracterizan á institución constitucional colexial. En segundo lugar, á acción do lexislador estatal, que non só readaptou no seu conxunto a Lei de colexios profesionais de 1974 á nova orde de competencias, senón que, ó abeiro desa indefinición constitucional, non deixou de crear colexios profesionais que non se axustan por completo ó modelo colexial previsto na propia lei. Polo que se refire á primeira causa, hai que ter presente que, segundo a xurisprudencia constitucional, da Constitución non cabe colixi-la existencia dun único modelo de colexio profesional. O Tribunal Constitucional declarou que o artigo 36 da Constitución se limita a impoñer unha reserva de lei para a súa regulación e a ordenar que a súa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos, sen predetermina-la súa natureza xurídica¹². A Sentencia do Tribunal Constitucional 330/1994, do 15 de decembro, supón para Germán Fernández Farreres a acta de defunción dos colexios profesionais ó concluírse no fundamento xurídico noveno que: «interesa lembrar que a Constitución non impón no seu artigo 36 un único modelo de colexio profesional. Baixo esta peculiar figura con trazos asociativos poden ser englobados polo lexislador estatal, en exercicio da súa competencia para formalizar normas básicas das administracións públicas ex. art. 149.1.18 da Constitución, situacións ben distintas como son as que corresponden ó exercicio de funcións públicas en réxime de monopolio ou de libre concorrencia no mercado como profesional liberal, e con colexiación forzosa ou libre. Do mesmo xeito, non ten por qué erixirse, nos supostos legais de colexiación voluntaria, unha inexistente obrigación constitucional de colexiarse, nun requisito que habilita para o exercicio profesional. E así mesmo é posible que os colexios profesionais asuman a defensa de actividades profesionais que non configuren, en realidade, profesións tituladas. Todos estes extremos poden ser regulados libremente polo lexislador estatal, desenvolvendo o artigo 36, e con cobertura competencial no artigo 149.1.18, ámbolos dous da Constitución». Esta interpretación xurisprudencial aboca, dende logo, a coexistencia, baixo a mesma rúbrica de colexios profesionais, de realidades moi distintas, tantas que practicamente imposibilitan recoñece-la existencia da institución colexial. Realidades que, ó seu xuízo, máis alá do

¹² Sentencia do Tribunal Constitucional 32/1984, do 20 de febreiro.

simple *nomen iuris*, nalgúns casos determinan que os chamados colexios profesionais non presenten xa singularidade nin especificidade ningunha por relación ó que son simples entes asociativos. Preséntase unha dificultade adicional no feito de que o Estado non dictou unha lei básica de colexios profesionais. E é que, sen prexuízo dalgunhas modificacións¹³, mantense a vixencia da Lei de colexios do 13 de febreiro de 1974, o que, máis alá dos preceptos desta, declarados básicos pola disposición final segunda da Lei 7/1997 do 14 de abril, establece a dúbida sobre a súa aplicabilidade directa ou supletoria. Esta dúbida agravouse na medida en que a maioría das comunidades se dotaron xa da súa propia normativa, e incorporaron previsións non sempre conciliables coa estatal. Constatase a existencia de colisións normativas que non deixan de suscitar inseguridade á hora de ter que determinar se a normativa autonómica incorre en inconstitucionalidade, ou se, pola contra, resulta plenamente válida. Preséntase unha situación complexa, na que o máis grave é que se esvaezan os perfís da institución. A determinación das profesións ás que pode estenderse a estrutura colexial e a esixencia ou non de colexiación para o exercicio das profesións colexiadas, son dúas cuestións que gardan entre si unha directísima relación. No tocante á configuración de novas profesións colexiadas, o artigo 4.1 da Lei de colexios profesionais límitase a sanciona-lo principio de reserva de lei e a recoñece-la iniciativa dos profesionais interesados. En principio, de acordo coa lexislación autonómica e ante a falta de norma estatal básica que considere esta cuestión, nos ámbitos territoriais das comunidades autónomas, e en relación cos profesionais que desenvolven a súa actividade nestes, a decisión parece que a estas debe corresponder. Do mesmo xeito que o Estado pode estende-la lexislación a calquera profesional ou, incluso, a non titulados, tamén as comunidades autónomas poden facelo se ben a xeneralidade das leis autonómicas condicionaron a extensión da colexiación a que se trate de profesionais que requiren titulación oficial. Non obstante, esa competencia autonómica para configurar novas profesións colexiadas non deixa de ser problemática. Na práctica, certamente, non se cuestionaron as leis de creación dos novos colexios; pero isto non é óbice para recoñecer que, se se mantén ó alcance que a competencia estatal relativa ó exercicio profesional se deu pola propia xurisprudencia constitucional, só ó Estado tería que corresponderlle a determinación das profesións colexiadas, obviando así que unha mesma profesión poida ser colexiada nuns ámbitos territoriais e non noutros. Incluso podería manterse que se algún aspecto hai respecto do que non caiba dubidar acerca do seu carácter básico na lexislación estatal sobre

¹³ Lei 74/1978, do 26 de decembro, e máis recentes efectuadas polo Real decreto-lei 5/1996, do 7 de xuño, e posterior Lei 7/1997, do 14 de abril.

colexios profesionais, é precisamente este, o da creación de novos colexios profesionais. É verdade que o problema pode perder entidade se a extensión da organización colexial non se acompaña da esixencia de colexiación como requisito ineludible para o exercicio profesional, ou se, aínda esixida, non se prevén, ou non se adoptan, medidas efectivas contra aqueles profesionais que actúan sen estar colexiados. Unha cuestión esta na que a debilidade do sistema resulta manifesta, xa que non existe un mecanismo efectivo que garanta a obrigatoriedade da colexiación. A eliminación no vixente Código penal da falta que no anterior código tipificaba no artigo 572 (que castigaba con multa a «o titulado ou habilitado que exerce a súa profesión sen encontrarse inscrito no respectivo colexio, corporación ou asociación oficial, sempre que sexa esixido regulamentariamente este requisito»), unido ó feito de que a potestade sancionadora dos colexios non alcanza a quen non forma parte da corporación, determinou, en efecto, un baleiro que relativiza moito o alcance efectivo da colexiación obrigatoria. As leis xerais de colexios profesionais que dictaron as comunidades autónomas non se apartan da referida norma básica estatal, limítanse a fixa-las condicións e os requisitos dos que poden acceder á colexiación. Supostos todos estes que automaticamente deberían conducir a considerar inconstitucionais as correspondentes leis autonómicas se non fora porque tampouco faltaron leis estatais de creación e colexios que optaron por configura-lo requisito da colexiación como voluntario. Se se prescinde, pois, da colexiación obrigatoria, resólvese en gran parte o problema competencial. Pero, as consecuencias para a institución son decisivas. Unha profesión colexiada que non lles obriga ós profesionais a colexiárense para exercer-la profesión non deixa de ser un contrasentido. Claro é, que se chega tamén a evita-lo límite da liberdade negativa de asociación¹⁴, que, tal e como sinalou a xurisprudencia constitucional, obriga a xustifica-lo interese público e as funcións concorrentes para que o profesional quede obrigado a formar parte da corporación.

O segundo relator foi José María Baño León, catedrático de dereito administrativo na Facultade de Dereito da Universidade de Valencia, que falou sobre as profesións tituladas e sobre os colexios profesionais. Comezou a súa exposición afirmando que calquera análise sobre o exercicio dos profesionais titulados e os colexios profesionais ten que partir do presuposto inescusable da liberdade de elección e de exercicio profesional. Coma a liberdade de empresa, a libre elección e o exercicio de profesión ou de oficio forma parte esencial do universo da economía de mercado, pois se trata dunha liberdade fundamental, sen a que difícil-

¹⁴ Artigo 22.1 da Constitución española.

mente se podería subsistir. E xunto coa propiedade privada constitúen a tríade dos dereitos básicos da constitución económica. Así, os artigos 35 e 36 da Constitución española consagran a liberdade para elixir-la profesión ou o oficio no artigo 35; e o artigo 36 remite á lei para que regule o exercicio das profesións tituladas. Máis alá do teor literal dos preceptos, non cabe dúbida ningunha de que tanto a liberdade de elección coma de exercicio están suxeitas á reserva de lei, o que non impide que esta se remita ó regulamento con bastante amplitude. Dúas son as características que destacan na liberdade de elección e de exercicio profesionais. A primeira, trátase dun tipo de dereito dos denominados negativos, é dicir, que garanten un certo ámbito inmune ó poder que só pola forza da lei pode reducir ou limita-las liberdades profesionais. Na segunda característica o campo que o lexislador ten á súa disposición é vastísimo. A fixación do número e competencias de cada profesión, sexan exclusivas ou compartidas, os procedementos para acceder á profesión respectiva, a condición do seu exercicio dependen case por completo do lexislador, de tal xeito «non hai un 'contido social' constitucionalmente garantido de cada profesión, oficio ou actividade empresarial concreta¹⁵». Ó trasladar-las dúas notas características á relación entre lei e regulamento, pode dicirse que as restricións básicas ó acceso e ó exercicio da liberdade profesional requiren da súa previsión nunha lei, pero o desenvolvemento dos contidos de cada profesión é materia substancialmente regulamentaria, como reitera unha e outra vez a xurisprudencia restrictiva cando se trata de limita-la liberdade do profesional¹⁶. Hai que destacar tamén o grave problema das limitacións para o acceso ó exercicio profesional a quen xa dispón do título. En España a posesión do título universitario bastou por regra xeral para permiti-lo exercicio da profesión, pero cada vez se alzan máis voces para esixir novos requisitos de acceso. Ben mirado as restricións ó exercicio profesional dos titulados existían xa para a maioría das especialidades médicas e farmacéuticas, de modo que a simple titulación en medicina non serve para exercer unha especialidade. Agora o que se pretende, polo menos polos colexios de avogados, é que o título de licenciado en dereito non habilite *per se* para o exercicio profesional da avogacía, senón que requira de probas complementarias. Calquera que sexa a solución que se postule do que non cabe a menor dúbida é que tería que se-lo lexislador quen decidira tal restricción. Non cabe segundo o profesor Baño León que os estatutos xerais da profesión establezan estas limitacións sen vulnerar abertamente a reserva de lei do artigo 35 da Constitución española.

¹⁵ Véxase a Sentencia do Tribunal Constitucional 83/84.

¹⁶ Véxase a Sentencia do Tribunal Supremo do 18 de outubro de 1989.

Respecto ó condicionamento do exercicio da profesión á obtención dun título universitario, o lexislador pode prever que determinadas profesións só poidan exercerse por quen acredite posuír un determinado título universitario¹⁷. Dende un punto de vista sociolóxico, o estamento profesional tiña unhas características comúns netamente diferentes dos traballadores, funcionarios e empresarios. Hoxe en día, aínda permanecen algúns trazos distintivos orixinais, a evolución das profesións modificou substancialmente o panorama. As novas circunstancias sociolóxicas influíron enormemente na regulación xurídica, polo que favoreceron dunha banda a hipertrofia de titulacións, e, doutra, romperon os elementos de homoxeneidade dalgúns profesionais. A ruptura máis salientable da estrutura profesional tradicional propiciouna o principio de libre competencia. As regulamentacións profesionais non desaparecen pero perden o seu papel predominante na ordenación da vida profesional. Hoxe predomina a consideración da actividade profesional coma un mercado de servizos, baseado na liberdade económica, así as regulacións restrictivas non son a principal fonte do dereito das profesións, senón o dereito da competencia. Isto é un fenómeno común a toda Europa e que agora expresa xuridicamente no artigo 2.3 da Lei de colexios profesionais: «Os acordos, decisións e recomendacións dos colexios con transcendencia económica observarán os límites do artigo 1 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia...».

Respecto ó condicionamento do exercicio profesional para a alta nun colexio profesional partimos dunha situación clásica na que este se condiciona non só á posesión do título correspondente; esíxese ademais a alta no colexio profesional. A regulación xurídica dos colexios profesionais en moitos países europeos caracterizouse pola heteroxeneidade normativa e a regulación dos colexios profesionais, senón normas específicas sobre cada profesión, cunha organización peculiar. España é unha excepción a esta tónica xeral dende o ano 1974. A orixe da nosa lei obedece ás particulares circunstancias políticas do derradeiro período do franquismo¹⁸. A Lei de 2/1974, do 13 de febreiro, senta o principio xeral da alta no colexio profesional como requisito «*sine qua non*» para exercer a profesión, de tal xeito que se unha profesión se agrupa nun colexio profesional, a colexiación é condición previa ó exercicio. Esta esixencia de colexiación obrigatoria non cumpre en realidade na práctica en todos os casos, tanto pola especial natureza dalgúns colexios coma pola cir-

¹⁷ Véxase artigo 36 da Constitución española.

¹⁸ Véxanse:

«Los colegios profesionales en el derecho administrativo español» de M. Baena del Alcázar. Madrid 1968. «Régimen jurídico de los colegios profesionales» de L. Calvo S.

cunstancia de que as leis constitutivas dalgúns colexios expresamente prevén que a alta sexa voluntaria. Tampouco existiu coherencia no lexislador para preve-las consecuencias xurídicas do incumprimento. Desaparecida a falta prevista no artigo 572 do Código penal de 1973, a quen exerce unha profesión sen posuír «título profesional», pois entenden que o Código penal de 1973 só castigaba a quen exercía sen ter unha profesión para a que se requira título académico. Sorprendentemente o Código penal de 1995, no seu artigo 403 castiga non só a quen non posúe «título académico» senón «título oficial»: «O que exercer actos propios dunha profesión sen posuí-lo correspondente título académico expedido ou recoñecido en España de acordo coa lexislación vixente, incurrirá na pena de multa de seis a doce meses. Se a actividade profesional desenvolvida esixise un título oficial que acredite a capacitación necesaria e habilite legalmente para o seu exercicio, e non se estiver en posesión do dito título, imporase a pena de multa de tres a cinco meses. Se o culpable, ademais, se atribuíse publicamente a calidade de profesional amparada polo título referido, se lle imporá a pena de prisión de seis meses a dous anos». Resulta verdadeiramente sorprendente que o Código penal cualifica de intrusionés o exercicio sen título de actividades que estean suxeitas exclusivamente a título profesional, non ó académico.

Máis sorprendente é aínda a apelación á tutela penal renovada das profesións con título non académico se se contrasta coa amplísima xurisprudencia da sala 3ª relativa ós títulos de formación profesional que nalgúns casos se refiren a profesións cun gran campo no mercado. O Tribunal Supremo estableceu unha doutrina moi consolidada en relación coa impugnación deste título. Así o Supremo rexeita que a audiencia ás organizacións profesionais na tramitación das disposicións sexa preceptiva. En relación coa reserva de lei sobre o exercicio das profesións tituladas, o Tribunal afirma que non hai posible confusión entre as funcións previstas nos títulos de formación profesional e as das organizacións profesionais recorrentes, pois os respectivos títulos amparan ámbitos específicos de competencias. Rexítase que a definición do ámbito competencial dos titulados en formación profesional lesione o honor e a imaxe dos titulados superiores, non só porque este dereito fundamental non ten nada que ver co uso dun título universitario, senón pola supremacía profesional e científica dos profesionais titulados sobre os técnicos de formación profesional. Así pois a xurisprudencia do Tribunal Supremo estableceu con acerto que a posesión dun título de formación profesional non pode equipararse ó dun título académico que dá acceso a unha profesión titulada. Estes títulos só implican a aptitude dunha persoa para desenvolver unha actividade, pero non constitúe a regulación dunha profesión nin denotan exclusividade: o ámbito de actividade ó que afecta o título está aberto á libre iniciativa persoal. O contraste é moi acusado respecto á tendencia mani-

festada polo Código penal, pois se se protexen títulos profesionais e non simplemente os académicos, se está a considerar implicitamente que a realización de certas actividades queda condicionada á posesión dun título. Segundo o profesor Baño León o título profesional faculta exclusiva e concurrentemente con outros títulos ó exercicio de determinadas actividades. E este é o punto nuclear da cuestión, «os títulos profesionais coma os de formación profesional ou tipicamente administrativos coma os de xestores administrativos ou os de axentes da propiedade inmobiliaria non constitúen o campo propio dunha profesión baseada nunha determinada *lex artis* senón simples actividades regulamentadas para as que o título constitúe simplemente unha presunción de aptitude e non a exclusiva total ou parcial sobre o exercicio de determinadas actividades».

O último relatorio da mañá foi o exposto por Celeste Gay Fuentes, profesora titular de dereito administrativo da Universidade Complutense de Madrid, sobre a Lei catalana do Colexio Profesional de Xornalistas. Comezou destacando que a creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Cataluña mediante Lei do Parlamento catalán en 1985, constituíu o primeiro intento de transformalo Estatuto da profesión periodística, facendo desta unha profesión titulada e sometida a colexiación. A regulación da profesión iníciase incluso antes do recoñecemento normativo da liberdade de información, así, se este recoñecemento non se produce ata mediados do século XX, nas declaracións de dereitos humanos, a regulamentación dos xornalistas, como elementos centrais do proceso de comunicación pública tivo o seu punto de arranque na década dos anos vinte, coma unha máis das técnicas de control sobre os procesos de comunicación nos réximes totalitarios. En España o control dos xornalistas principiou en 1924, e atopou o seu maior desenvolvemento no marco da Lei de 1938 de Serrano Suñer, mediante a creación dun rexistro oficial de xornalistas. A Lei de prensa e imprenta de 1966 continuou na mesma liña. No artigo 33 desta lei remitíase a un decreto posterior ó establecemento do Estatuto da profesión periodística, pero establecía xa os principios básicos sobre os que debía basearse a norma regulamentaria. Tales principios traducíronse no mantemento do Rexistro Oficial de Xornalistas, a cargo do Ministerio de Información e Turismo, e no que era necesario inscribirse para poder exercer profesionalmente o xornalismo e na configuración da Federación de Asociacións da Prensa (FAPE) como un colexio profesional sindical, de inscrición obrigatoria, á que se lle encomendaba a función de outorgarlle-los carnés de prensa ós profesionais inscritos no rexistro profesional. A estes requisitos previos o Estatuto da profesión periodística, aprobado polo Decreto 744/1967, do 13 de abril, engadiu o da titulación académica oficial. Trala aprobación da Constitución, aínda que non se derogou expresamente o artigo 33 da Lei de prensa e imprenta, entendeuse que o modelo de organización da profesión periodística que

consideraba aquela lei e as súas normas de desenvolvemento era incompatible coa nova orde constitucional. Así, o rexistro oficial cancelouse trala interpretación dada pola Secretaría de Estado o 30 de xuño de 1982 en contestación á solicitude realizada pola Federación de Asociacións da Prensa. Cancelado o rexistro, entendeuse tamén inaplicable o requisito de titulación oficial para o exercicio profesional do xornalismo. Por último, o principio de colexiación xa perdera toda vixencia unha vez desaparecida a organización sindical derivada da Lei de 1971 en virtude da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical; por todo isto a FAPE transfórmasse e constitúese ó amparo da nova lei como asociación profesional en novembro de 1977. A profesión periodística pasou a configurarse como unha actividade que non é titulada, pese a contar cun título profesional que capacita para o seu exercicio, e que tampouco está suxeita a requisito adicional ningún para o seu acceso e desenvolvemento, en suma, é unha actividade non regulada, unha profesión libre dende o punto de vista dos requisitos legais para o seu exercicio. En Cataluña o Parlamento catalán aprobou a Lei 22/1985, do 8 de novembro, de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Cataluña, a petición da Asociación de Prensa de Barcelona. A determinación das profesións que son tituladas, é dicir, que para o seu exercicio se precisa un determinado título oficial, así como a creación dun colexio profesional específico, son decisións que se encontran reservadas ó lexislador, así o artigo 36 da Constitución indica que «a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais e o exercicio das profesións tituladas». Por outra banda, a Lei estatal de colexios profesionais sinala no seu artigo 4.1 que «a creación de colexios profesionais farase mediante lei, a petición dos profesionais interesados...». A reserva de lei para adoptar ámbalas dúas decisións non prexulga a competencia das comunidades autónomas en materia de profesións tituladas e de colexios profesionais. Así, Cataluña, segundo o seu estatuto, ten atribuída a competencia exclusiva sobre «colexios profesionais e exercicio das profesións tituladas, sen prexuízo do disposto nos artigos 36 e 139 da Constitución», polo que ten aprobada a súa correspondente Lei 13/1982, do 17 de decembro, de colexios profesionais, na que se sinala que «a extensión da organización colexial a profesións distintas daquelas que actualmente a posúen só será posible por Lei do Parlamento de Cataluña». Segundo isto, na lei catalana se prevé expresamente a posibilidade de crear colexios profesionais novos para profesións que desenvolvan de forma libre segundo o ordenamento xurídico estatal. A Lei 22/1985 definía o Colexio Profesional de Xornalistas de Cataluña como unha corporación de dereito público que agruparía os xornalistas que exerzan a profesión no territorio de Cataluña, polo que a colexiación obrigatoria parecía a única posible ou coherente co establecido tanto na Lei 2/1974, coma na lei catalana de

colexios profesionais. O xornalismo, deste xeito, devíña en Cataluña nunha profesión titulada e sometida a colexiación forzosa, mentres que no ordenamento estatal considerábase unha profesión libre. A aprobación deste modelo de organización da profesión periodística suscitou unha viva polémica entre tódolos sectores afectados e o «Defensor del Pueblo» interpuxo un recurso de inconstitucionalidade contra a lei. Anos máis tarde o Parlamento catalán aprobou a Lei 1/1988, do 26 de febreiro, de modificación da Lei inicial de 1985, eliminando calquera referencia de obrigatoriedade na incorporación ó colexio. Respecto á necesaria definición da profesión periodística, hai que sinalar en primeiro lugar que a propia Constitución, cando considera no artigo 20.1.d), tras recoñece-lo dereito a comunicar e a recibir libremente información veraz, o segredo profesional e a cláusula de conciencia, está demandando a definición da profesión periodística. Sen embargo, a cláusula de conciencia desenvolveuse mediante a Lei orgánica 2/1997, do 19 de xuño, sen incluír ningunha definición dos profesionais da información que son os destinatarios básicos dese dereito específico. A cuestión quedaría unicamente en pé, respecto ó segredo profesional aínda pendente de desenvolvemento legal, se ben a propia cualificación que fai a Constitución do segredo como «profesional» induce á necesidade de determinar quen son os profesionais da información. Outro factor a ter en conta co gallo de xustificala esixencia de requisitos para o acceso á profesión periodística está nas negativas repercusións que en termos de liberdade de información pode te-lo feito de que sexan as empresas as que definan quen é xornalista mediante a contratación laboral, se ben parece esquecerse con esta hipótese de que aínda que a norma declare que son xornalistas tódolos licenciados en xornalismo colexiados, continuará existindo a facultade das empresas de comunicación de determinar qué suxeitos van intervir, dentro dos que reúnan os requisitos legais, de forma habitual e remunerada no exercicio da liberdade de información. Deféndese frecuentemente que a esixencia da titulación universitaria para o exercicio profesional do xornalismo garante a calidade da información elaborada e difundida, e fronte a este argumento pode sinalarse que o feito de que a liberdade de información só se exerza por profesionais titulados, non garante de por si a veracidade da información, pois a calidade da información non é un requisito esixido pola Constitución. A restricción que a colexiación forzosa supón ás liberdades de asociación, de exercicio profesional e á liberdade de información, determina que a colexiación obrigatoria só pode xustificarse se concorren motivos específicos de intereses públicos, se é necesaria a restricción para garantir outros bens e dereitos constitucionais, tal e como reiterou o Tribunal Constitucional. Cataluña demandou no seu Estatuto de autonomía a competencia exclusiva en materia de colexios profesionais e profesións tituladas, sen embargo, hai razóns suficientes para

entender que as decisións de configurar unha determinada profesión como titulada e de crear un colexio profesional específico deben ser adoptadas polo Estado mediante lei, pois o artigo 149.1.1 resérvalle ó Estado a regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Proseguiu a sesión pola tarde coa intervención de Enrique Gómez-Reino y Carnota, catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela. O relator comezou a súa exposición sobre a Lei galega do Colexio Profesional de Xornalistas destacando o consenso logrado coa súa aprobación. Só se logrou, nos últimos anos, este consenso no Parlamento de Galicia na Lei 6/1999, do 1 de setembro, na Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección do Camiño de Santiago, e na Lei 2/1999, do 24 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. O proxecto de lei desta última foi presentado pola Xunta de Galicia no Parlamento o 18 de maio de 1998 e aprobouse o 9 de febreiro de 1999. Ó texto do anteproxecto só se lle presentaron dúas emendas por dous dos catro grupos parlamentarios (o do BNG e o do PsdeG-PSOE). De todo o proceso parlamentario habería que destaca-la marxinalidade dos debates parlamentarios da cuestión de fondo: o papel dos xornalistas nunha sociedade democrática e a elección da forma ou formas organizativas máis apropiadas para a defensa dos seus intereses e os da comunidade. Nos países do noso contorno cultural, integrantes da Unión Europea, o xornalismo é unha profesión libre, no sentido de que para o seu exercicio profesional non se necesita ningunha titulación especial, senón que é a práctica profesional acreditada a que lexítima para o exercicio profesional. E isto é así excepto en Italia e Portugal, países nos que a regulamentación legal da profesión vai por outros camiños, o que se debe basicamente a razóns históricas. En España, a Lei do 18 de marzo de 1966 esixía para ser xornalista un título profesional expedido pola Escola Oficial de Xornalismo ou da Igrexa León XIII, a inscrición nun rexistro oficial *ad hoc* e a colexiación obrigatoria en vía sindical. A Constitución de 1978 finalizou definitivamente con este sistema e así o entendeu tamén o secretario de Estado para a Información, que en contestación a un escrito do presidente da Federación de Asociacións da Prensa estimaba derogado o artigo 33 da lei no relativo ó Rexistro Oficial de Xornalistas. A profesión periodística, a partir dese momento é libre, polo que a súa defensa como colectivo profesional se produce pola vía asociativa privada –asociacións da prensa–, así como pola vía sindical. O acceso ó colexio profesional ábrese por primeira vez en 1985 en Cataluña. Como un dos trazos principais da lei galega pódese destacar que é unha lei breve, que consta de só tres artigos, unha disposición adicional, dúas transitorias e unha final. No artigo 1 créase o colexio profe-

sional, como administración corporativa de dereito público, e personalidade xurídica propia con plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. No artigo 2 delimitase o seu ámbito de actuación, que é o territorio da Comunidade Autónoma. No terceiro delimitase quén poderá ser membro, con carácter voluntario, do colexio. Contén así mesmo unha prevención con respecto ós estudantes que superasen o primeiro ciclo de xornalismo, os cales poderán inscribirse tamén, aínda que non con plenos dereitos, se ben terán finalmente este carácter cando rematen os seus estudos. Ademais destes titulados, poden acceder outros colectivos de xornalistas que reúnan determinados requisitos. É destacable que no caso catalán xa existía unha lei xeral de colexios profesionais, o que non acontecía no momento de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, configurado mediante unha lei *ad hoc*. E é Galicia unha das seis comunidades autónomas nas que aínda non existe unha normativa xeral sobre colexios profesionais. Por outra parte, a creación de novos colexios sen unha intervención previa estatal constitúe unha situación anómala que se expandiu por múltiples comunidades autónomas. En todo caso, a exposición de motivos da lei galega refírese para a creación do colexio, entre outros textos «polo disposto no artigo 4.1 e demais concordantes da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais (o que establece que «a creación de colexios profesionais farase mediante lei, a petición dos profesionais interesados...»). O lexislador autonómico entendeu que a competencia para a creación do colexio é súa, e non do Estado. Sobre a constitucionalidade desta situación, hai que destacar que o Tribunal Constitucional entendeu na Sentencia 20/1988, do 18 de febreiro que o artigo 36 da Constitución española non pode ser entendido como norma atributiva de competencia lexislativa ó Estado, ó tempo reconece que «permite entender que a lei a que se refire o artigo 36 ha de ser estatal en canto á fixación dos criterios básicos en materia de organización e competencia das corporacións públicas profesionais. O Tribunal Constitucional reconece a competencia do Estado para establecer mediante lei o núcleo mínimo uniforme de regularización destas corporacións de dereito público, sen priva-la Comunidade Autónoma do seu ámbito de libre opción política en que consiste a súa autonomía (STC 76/1983, do 5 de agosto). Á luz da xurisprudencia constitucional, é patente que as comunidades autónomas, a través de leis singulares de creación de colexios profesionais fixeron caso omiso ó carácter básico de tal decisión, e crearon novos colexios inexistentes no ámbito estatal. Por outra banda, os diferentes requisitos que puidesen esixilas comunidades autónomas para a creación de colexios profesionais poderían impedi-la necesaria esixencia mínima de homoxeneidade estatal nesta materia, o que estaría en contradicción co carácter básico da colexiación única, segundo a nova redacción dada ó artigo 3.2 da Lei es-

tatal de colexios profesionais tomada da Lei 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia do solo e de colexios profesionais. En Galicia existen diferencias substanciais con respecto á lei catalana, esas diferencias materialízanse na cuestión da incorporación ó colexio, no caso da lei galega a incorporación é libre, sempre e cando se reúnan determinados requisitos, que á súa vez son destinos segundo se trate do período único transitorio que abre a lei ou despois deste. No período transitorio, que se pecha seis meses logo da publicación da norma, catro colectivos distintos de persoas teñen dereito a incorporarse ó colexio profesional:

a) Os titulados en xornalismo que cursaran estudos nas facultades de Ciencias da Información, Ciencias da Comunicación ou Ciencias Sociais.

b) Os titulados en imaxe ou comunicación audiovisual que acrediten estar a desenvolver labores informativos. Hai que lembrar que para os efectos da Unión Europea os nacionais de calquera país da Unión que segundo a súa lexislación obtiveran os títulos universitarios equivalentes ós relacionados na lei galega, tamén teñen dereito a incorporarse ó colexio.

c) Os xornalistas inscritos no Rexistro Oficial de Xornalistas da FAPE con anterioridade á creación deste colexio profesional. Trátanse na súa maioría de aqueles xornalistas titulados nas antigas escolas de xornalismo que non tiñan carácter universitario superior.

d) Os profesionais que proben o exercicio da actividade periodística de modo principal, habitual e retribuído na data da publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Unha vez superado o período transitorio só poderán integrarse os titulados universitarios en xornalismo e aqueles titulados asimilados (licenciados en imaxe ou comunicación audiovisual), sempre que acrediten estes últimos que están a desenvolver labores informativos. O colexio profesional convértese nunha institución de determinados profesionais titulados, o que supón un problema importante, na medida que, como sinalou o Tribunal Constitucional na Sentencia 122/1989, do 6 de xullo, determinar cando unha profesión debe pasar a ser unha profesión titulada é unha competencia exclusiva que exerce o lexislador estatal para, atendendo ás esixencias de interese público e ós datos producidos pola vida social, determinar cando unha profesión debe pasar a ser profesión titulada. Na Constitución non existe ningunha referencia expresa ós xornalistas, se ben no artigo 20, que consagra os dereitos da comunicación pódense atopala cláusula de conciencia e o segredo profesional que se encontran directamente conectados coa liberdade de informar. O segredo profesional configúrase como garantía dos informadores no artigo 20. Poucas son as previsións explícitas da Constitución acerca dos xornalis-

tas, se ben o Tribunal Constitucional elaborou progresivamente unha doutrina substancial que entende que o xornalismo é unha profesión libre no sentido de que o seu exercicio non require contar con título ningún, xa sexa académico ou profesional, é dicir, que pode exercelo calquera cidadán. Segundo isto, ha de precisarse que o Estado, ou mellor o lexislador estatal pode establecer determinadas titulacións universitarias coa soa finalidade de recoñecer para os efectos oficiais unha serie de saberes, o que capacita para o desenvolvemento de actividades profesionais que son libres en tanto non existe unha reserva específica de atribucións profesionais conectadas a ese título. É, precisamente, o que acontece co título de xornalista, pois para escribir nun xornal non fai falla te-lo título profesional, senón, simplemente, saber escribir, o que non é fácil, certamente. Os colexios profesionais, asociacións e sindicatos son constitucionalmente formas asociativas diferenciadas de organización dos profesionais, e respecto ós primeiros a propia Constitución establece que a lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos colexios profesionais no seu artigo 36. A diferenza das asociacións, sindicato e organizacións profesionais, que poden crearse libremente, esta nota non é predicable dos colexios profesionais, que só poderán ser creados polo lexislador. En definitiva, son tres as formas asociativas das que poden dispoñer os xornalistas á hora de elixi-la canle máis eficaz para a defensa dos seus dereitos profesionais ou individuais, se ben as raíces da solución ós problemas que presenta o dereito á información atópase noutra parte, e parece que sería moi axeitado unha nova lei xeral de comunicación. Esta lei debería recolle-la distribución constitucional do poder no seo da empresa de comunicación, tendo que definir cáles son os deberes e dereitos constitucionais dos empresarios, dos directores e dos xornalistas, así como a implantación de sociedades de redactores, co obxectivo de preservar-la liberdade e independencia dos xornalistas.

Logo da presentación da mesa redonda polo profesor Enrique Gómez-Reino principiou a falar Arturo Maneiro Vila, presidente da Comisión Xestora do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, reforzando a idea da necesidade da existencia dun colexio profesional de xornalistas de Galicia. Destacou que existe unha necesidade profesional de regula-la profesión ante certas lagoas legais e asegurou que o colexio só poderá saír adiante se hai vontade dos xornalistas de que isto aconteza. Búscase coa creación do colexio logra-la vertebración da profesión, na que todos deben ter un obxectivo común e ó tempo débense de evitar posibles instrumentacións, por isto o colexio debe ser nacido con total independencia das administracións públicas e das empresas, dos partidos políticos e dos sindicatos. Tamén advertiu da necesidade que teñen os profesionais de evita-las loitas internas que tanto debilitaron as asociacións da prensa. Para rematar, o relator resaltou o feito de que a in-

mensa maioría dos xornalistas depositaron a súa confianza na creación do colexio profesional co gallo de lograr unha verdadeira unidade de acción e así poder acadar un colexio verdadeiramente forte e eficaz.

Continuou esta primeira rolda de intervencións Xosé López García, decano da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela, que destacou o apoio da facultade á creación do colexio dado que un dos obxectivos da Facultade de Xornalismo é a formación dos comunicadores e o fomento da investigación, así como promove-la reciclaxe profesional e contribuír á vertebración profesional. O xornalismo dispón de tres fórmulas para a vertebración que son o colexio profesional, as asociacións profesionais e os sindicatos. Vista a experiencia dos últimos vinte anos, en Galicia considérase prioritaria a creación do colexio; para facer esta aseveración baséase na experiencia previa do colexio de Cataluña e na dos distintos profesionais e investigadores galegos retornados que participaron na creación deste colexio, así como na fragmentación da profesión e no pulo que tivo por parte dos xornalistas dun texto da segunda metade dos anos 80 que aprobou a Asociación da Prensa de Santiago e que posteriormente foi aprobado pola que por entón era a Federación das Asociacións de Prensa de Galicia. A lei que foi finalmente aprobada non é o texto que lle gustaría á facultade nin o que defendeu, así e todo apoiouno, dado que foi aprobado maioritariamente na asemblea que se convocou en Santiago para o efecto e que tódalas partes cederon nas súas formulacións iniciais. Xosé López rematou a súa exposición defendendo a potenciación de todo tipo de medidas para fomentar tanto a sindicación coma o asociacionismo profesional coa finalidade de favorecer-la actividade do colexio.

De seguido tomou a palabra Lois Celeiro Álvarez, xefe do Gabinete de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, e significou que para establece-la necesidade dun colexio de xornalistas hai que formularse «o que é ser xornalista» dentro do novo contexto que se presenta para a profesión. Así a tarefa de comunicar e informar debe estar suxeita e debe defender a unha pluralidade de valores que a sociedade precisa: calidades que posúen as cousas na súa relación co home, por isto é preciso regulamentar dalgunha forma o acceso á profesión. O colexio profesional pode supoñer unha brillante iniciativa para prestixia-la profesión, axudar a mellora-las condicións laborais así como o prestixio e a consideración social. A finalidade principal dos medios de comunicación social é reforza-los valores de igualdade, de liberdade e de xustiza. Acadar estes tres valores presenta grandes dificultades, polo que se o colexio profesional se emprega para a consecución destes valores será unha grande oportunidade que se debe aproveitar. Así dentro do eido da liberdade é imposible que os medios de comunicación sexan iguais cando nin sequera os receptores o son, así un trato de igualdade nos medios de comunica-

ción é moi difícil como tampouco é igual o criterio, a formación, a capacidade ou a información dos intermediarios entre os feitos e a xerarquía do medio de comunicación. En relación coa liberdade, os xornalistas dispoñen, en igual medida, de toda a liberdade para interpreta-los feitos pero cando actúan como profesionais da información están vinculados polas ordes que lles veñen impostas, normalmente do poder económico e non do poder político. O terceiro gran valor que hai que respectar polos medios de comunicación, é o da xustiza, que tamén resulta problemático porque o carácter inmediato e a prontitude da comunicación pode supoñer unha falta de profundidade. Referiuse tamén Lois Celeiro ós xornalistas que non traballan nos medios de comunicación, e sinalou que na inmensa maioría dos gabinetes de comunicación os profesionais están ligados por unha relación de confianza, e polo tanto, son os responsables das organizacións os que determinan as estratexias que haxa que seguir polos comunicadores. A esta situación hai que engadi-lo feito de que están vinculados laboralmente como autónomos, sendo moi poucos os funcionarios ou laborais. Finalizou destacando o criterio da comunicación como negocio pois «no grande esquema industrial concibido polos patróns das empresas de entretemento constátase que a información se considera antes que nada coma unha mercadoría e que este carácter predomina amplamente respecto á misión fundamental dos media, é dicir, respecto de aclarar e enriquece-lo debate democrático.

Continuaron as intervencións os representantes das organizacións sindicais. En primeiro lugar, Xosé Patricio Núñez Losada, como representante de USO sinalou a necesidade de que tódolos profesionais concurran xuntos para que o Colexio Profesional de Xornalistas poida saír adiante. Ó tempo vén destaca-la importancia do profesionalismo, da independencia, e da non inxerencia dos partidos políticos; para rematar sinalando a necesidade de abri-lo xornalismo ó resto de profesionais da comunicación que desenvolven o seu labor neste ámbito.

Valentín Tato Sánchez, representante da UXT, considera que no día de hoxe os xornalistas xa non teñen as características propias dun profesional liberal, froito dunha imaxe romántica rescatada dun tempo que non existiu nunca como tal en España. Sinalou tamén a desaparición da imaxe do xornalista romántico que busca por encima de todo a verdade e chegar ó fondo das noticias. Hoxe en día o xornalista é ante todo un traballador por conta allea e así o din as estatísticas de que se dispón. Así en España hai uns 20 000 xornalistas dos que uns 14 000 traballan en medios de comunicación; uns 4 000 en gabinetes de prensa e tan só uns 1 000 o fan como independentes, *free-lancers* ou colaboradores; incluso nestes últimos as formas de contratación no mercado de traballo modifican a condición de profesional liberal. Coida Valentín Tato que o marco do colexio profesional non é a solución correcta á problemática

actual dos xornalistas e manifesta a súa preocupación polo acceso á profesión, reclamando a existencia a través dos convenios colectivos duns requisitos de acceso. Destaca tamén a situación actual marcada pola concentración dos medios de comunicación coas posibles limitacións que poden supoñer para un profesional no seu exercicio da liberdade de información se se ten en conta a precariedade nas condicións de traballo.

José Antonio García Ferreiro, como representante de CCOO sinalou o apoio do seu sindicato á creación do colexio catalán e tamén do galego como forma de aglutina-los profesionais. Sentenciou que xa que dende o sindicalismo non foron quen de representa-los xornalistas nin sequera no apartado numérico, o colexio pode ser unha solución. Parece que agora coa creación do colexio xurdiu o entusiasmo na profesión segundo se desprende do alto número de inscricións (de feito no colexio catalán xa hai 3 138 afiliados e en Galicia hai algo máis de 1 000 preinscritos), polo que o Colexio de Xornalistas de Galicia debe servir cando menos para lograr unha conciencia crítica para toda a profesión.

Ramón Maceira López, como representante da CIG, considera a situación laboral e profesional actual como paupérrima especialmente nos medios privados, motivada pola precariedade laboral, e a sería desprotección do colectivo de xornalistas. Recordou que non existe ningún convenio marco mínimo galego nin estatal que regule as relacións laborais, como tampouco existe unha patronal nin no eido estatal nin no galego. Denunciou a existencia dunha verdadeira lei da selva na que o xornalista debe negociar individualmente as súas condicións de traballo nunha permanente inestabilidade laboral. Todas estas situacións non se reflicten nunha maior sindicación; así se viviu nas últimas eleccións sindicais unha fonda apatía por parte dos xornalistas galegos. Considera que toda esta situación vai a contramarcha das existentes no resto do Estado, Europa e no mundo.

Na rolda de preguntas que se efectuou a continuación apareceron cuestións de grande interese para o futuro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia dentro do novo marco legal que supón a Lei 2/1999, do 24 de febreiro Así se destacou en referencia a Cataluña, en primeiro lugar, que a forma de financiamento do colexio de xornalistas nítrese en gran parte de fondos do Concello de Barcelona, e en segundo lugar, que as asociacións que existían se disolveron trala constitución do colexio. Salientouse tamén por parte dos relatores o alto grao de colaboración das asociacións da prensa e dos sindicatos que facilitou que o ingreso se solicitase por unhas 1 200 persoas, e en suma, vén demostra-la confianza na institución. Advertiuse, así mesmo, dos problemas que pode supoñer unha dependencia económica das administracións públicas neste ámbito.

Rematou esta Xornada sobre colexios profesionais e xornalistas para destacar, en primeiro lugar, a aprobación por unanimidade que tivo a Lei

2/1999, ó tempo que recordaba o compromiso de disolución da Asociación da Prensa de Santiago no momento en que se constituía o colexio profesional, e salientou por último o traballo serio e rigoroso da comisión de admisión como forma de garanti-la obxectividade do proceso de admisión. 